

ID#153

A Pobra do Brollón – A Pobra do Brollón, 1989-06-13

Informantes: Álvaro e José Veloso (Álvaro e Pepe *de Forgas*)

Compilador: Anxo González

Colección de Baldomero Iglesias e Xosé Luís Rivas

Transcrición: Sergio de la Ossa, rev. B. Iglesias

1. Un día de primavera
Carmeliña do Caneiro
estaba dormindo a sesta
deitada tras do palleiro.
2. Farruquiño da Ribeda
que a viu desde unha casa
como a viu estar dormindo
foise acercando á rapaza.
3. Caladiño coma un rato
xunto dela se deitou
quíxolle dar un abrazo
pero Carmen despertou.
4. Pero Carmen despertou
e díxolle ao Farruquiño
–Eu non sei qu'on raío me queres
sempre m'andas perseguindo!
5. –Foi moito tempo, Carmela
que non che se ve i-o pelo
hoxe veño pra decirche
o moito amor que che teño.
6. –Xa me ves con ise conto
que me farto en la barriga
–Se che dera unhas fregñas
pasábache enseguida
dáme un biquiño, por Dios
que si non morro de pena.
7. –Eu non che dou un biquiño
nin anque morras de pena
que eu non quero máis rapaces
sendo que gasten estrelas.
8. –Ai, que presumida es
pensas que es la flor de Galicia
téñoas visto ben máis guapas
e con menos avaricia.
9. –Eso si que non, Farruco
tu te-lo gusto ferido
inda se che enseño as pernas
poste todo derretido.
10. Carmela enseñoulle as pernas
pensou qu' o tiña chiflado
pero ao cabo de seis meses
cambiouse pró outro lado.
11. Todas las rapazas solteiras
esto lle sirva d' ajemplo
qu' os rapaces hoxe en día
ao ver os dous, xa se van.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades